



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

www.carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº2/2017, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O 22 DE FEBREIRO DE 2017.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
RAMILO VARELA, Margarita
BARBEITO REY, Carlos
REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Interventora do Concello

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval

NON ASISTE

MONTES MARTÍNEZ, José Manuel

HORA DE INICIO: 12:07

HORA DE REMATE: 12:14

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:07 horas do 22 de febreiro de 2017, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 17 de febreiro de 2017, e logo de ver a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible ou dentro dos prazos esixidos no correspondente expediente, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, reúnense na sesión 2/2017, de carácter extraordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior (sesión 1/2017, ordinaria, do 26 de xaneiro de 2017)
- 2.- Proposta de adhesión íntegra ao convenio suscrito en abril de 2003 entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministración de información de carácter tributario.
- 3.- Proposta de adhesión ao convenio suscrito o 11 de novembro de 2016 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da historia social única electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

www.carral.es

4.- Proposta de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", da Deputación Provincial da Coruña.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (SESIÓN 1/2017, ORDINARIA, DO 26 DE XANEIRO DE 2017).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 1/2017, ordinaria, do 26 de xaneiro de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

2.- PROPOSTA DE ADHESIÓN ÍNTEGRA AO CONVENIO SUBSCRITO EN ABRIL DE 2003 ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 14 de febreiro de 2017, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Solicitud de adhesión íntegra ao convenio suscrito en abril de 2003 entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministración de información de carácter tributario ás Entidades Locais.

Logo de subscribirse en abril de 2003 entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) un convenio para a subministración de información de carácter tributario ás Entidades Locais.


Logo de ver o interese que se podería derivar da adhesión do Concello de Carral ao convenio aos efectos de poder (segundo a súa cláusula segunda.1) obter información esixida pola normativa vixente de contratación do Sector Público dos licitadores en procedementos de contratación, de xeito que se axilice a súa obtención e non teñan que presentala eles, se outorgaron a correspondente autorización ao Concello con carácter previo.

Logo de ver o réxime de obrigas contido nas cláusulas do convenio e tendo en conta que del se pode derivar unha xestión máis eficaz das materias obxecto de tal convenio, en beneficio da cidadanía que se relacione co Concello.

Tendo en conta que, segundo as cláusulas do convenio, este non xera obrigas económicas para o Concello.

Tendo en conta o procedemento de adhesión ao convenio regulado na súa cláusula 8ª.

Por iso, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en diante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, en virtude das súas atribucións outorgadas polo artigo 22.2 da LRBRL, previo o ditame preceptivo da Comisión Informativa correspondente, adopte os seguintes





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

www.carral.es

ACORDOS:

1.- Adhesión íntegra do Concello de Carral (A Coruña) ao convenio subscrito en abril de 2003 entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministración de información de carácter tributario ás Entidades Locais, asinado en Madrid en abril de 2003.

2.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao convenio e das facultades e obrigas derivadas del."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emitiu, na súa sesión extraordinaria do 17 de febreiro de 2017, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

DEBATE

O señor Alcalde manifesta que tiveron o expediente á súa disposición.

Ningún grupo municipal desexa realizar manifestación ningunha ao respecto.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (dos trece que compoñen a Corporación), adoptando os seguintes acordos:

1.- Adhesión íntegra do Concello de Carral (A Coruña) ao convenio subscrito en abril de 2003 entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministración de información de carácter tributario ás Entidades Locais, asinado en Madrid en abril de 2003.

2.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao convenio e das facultades e obrigas derivadas del.

3.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO SUBSCRITO O 11 DE NOVEMBRO DE 2016 ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 14 de febreiro de 2017, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Solicitud de adhesión ao convenio subscrito o 11 de novembro de 2016 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da historia social única electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Logo de ver o convenio de colaboración asinado o 11 de novembro de 2016 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da historia social única electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

www.carral.es

Logo de ver, en especial, os capítulos segundo e terceiro do convenio, no que se regulan respectivamente as obrigas da Xunta de Galicia e das Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio.

Tendo en conta que, segundo as cláusulas do convenio, este non xera obrigas económicas para o Concello, máis aló do establecido na cláusula cuarta do convenio, segundo a cal "Cuarta.-Financiamento. A Xunta de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio asumirán respectivamente, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio".

Por iso, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, en virtude das súas atribucións outorgadas polo artigo 22.2 da LRBRL, previo o ditame preceptivo da Comisión Informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS:

1.- Solicitar a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da historia social única electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e, en consecuencia, manifestar a vontade do Concello de Carral (A Coruña) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

2.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao convenio e das facultades e obrigas derivadas del. "

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emitiu, na súa sesión extraordinaria do 17 de febreiro de 2017, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

DEBATE

Ningún grupo municipal desexa realizar manifestación ningunha ao respecto.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión (dos trece que compoñen a Corporación), adoptando os seguintes acordos:

1.- Solicitar a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da historia social única electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e, en consecuencia, manifestar a vontade do Concello de Carral (A Coruña) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

2.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao convenio e das facultades e obrigas derivadas del.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

www.carral.es

4.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2017", DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 25 de novembro de 2016 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", que foron publicadas no BOP nº 226, do 29 de novembro de 2016.

Logo de ver que, mediante unha circular do 1 de decembro de 2016 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 2 de decembro de 2016, nº 3.319), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 582.928,17 euros.

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS+ 2017, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a "**Memoria do Plan (POS+ 2017)**" (**Anexo II**) asinada polo señor Alcalde con data do 14 de xaneiro de 2017.

Logo de ver o informe da Intervención do Concello sobre o **nivel de endebedamento con entidades financeiras (Anexo XI)**, con data 13 de febreiro de 2017.

Logo de ver, en relación ao **POS+ PROVEDORES** o "*informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 €, cando exceda en máis de 3 meses o período de pago establecido no Real Decreto 635/2014*" (**anexo III**), emitido pola Interventora do Concello con data do 13 de febreiro de 2017 (por importe de 3.379,91 €).

Logo de ver, en relación ao **POS+ GASTOCORRENTE** o "*informe da Intervención do Concello sobre a previsión de gastos correntes 2017*" (**anexo IV**), emitido pola Interventora do Concello con data do 13 de febreiro de 2017.

Logo de ver, en relación ao **POS+ OBRASSUM**, a documentación correspondente ás seguintes obras:

1).-ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles).

"**Proxecto de pavimentación de viales en los lugares de Sobrepineiro, Fornos y A Cabra del Concello de Carral**", subscrito, con data do 08 de febreiro de 2017 polo arquitecto técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiado 1.810).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 10 de febreiro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emitese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

Precisa autorización ao ministerio de fomento por atoparse parte da obra na zona de afección da estrada N550. O Concello xa solicitou a autorización, xuntase copia da solicitude.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

www.carral.es

SUPERVISIÓN TÉCNICA

De acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da lei de contratos do sector público non é preciso realizar a supervisión do proxecto.

FASES

Non é unha obra por fase ,se trata dunha obra de conservación completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

OUTRAS CUESTIÓN

O proxecto presentado, resulta ser unha obra de conservación de un vial existente, polo tanto é compatible urbanisticamente en calquera clase de solo, e non se atopa afectado pola suspensión de licenzas producido pola aprobación inicial do PXOM do Concello de Carral. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 121 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 14 de febreiro de 2017 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data do 14 de febreiro de 2017, sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o "informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII), emitido en relación a este proxecto pola Interventora do Concello con data do 14 de febreiro de 2017, coa seguinte "Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible".

2).-ACHEGA PROVINCIAL 2017.

2.1).-"Proxecto de pavimentación de vial y aceras en Rúa do Pan y Rúa Alcalde Francisco Xavier Alvajar", subscrito, con data do 08 de febreiro de 2017 polo arquitecto técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiado 1.810).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 10 de febreiro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓN

Precisa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio por atoparse na zona de protección do Pazo de Reboreda. O Concello xa solicitou a autorización, xuntase copia da solicitude.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

De acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da lei de contratos do sector público non é preciso realizar a supervisión do proxecto.

FASES

Non é unha obra por fase ,se trata dunha obra de conservación completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100.1

www.carral.es

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

OUTRAS CUESTIÓN

O proxecto presentado, resulta ser unha obra de conservación de un vial existente, polo tanto é compatible urbanisticamente en calquera clase de solo, e non se atopa afectado pola suspensión de licenzas producido pola aprobación inicial do PXOM do Concello de Carral. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 121 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

”.

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 14 de febreiro de 2017 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

2.2).-“Proxecto de pavimentación de viales en A Bailía y Tarroeira de Sumio, Concello de Carral”, subscrito, con data do 08 de febreiro de 2017 polo arquitecto técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiado 1.810).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 10 de febreiro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...) De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓN

Precisa autorización da Diputación de A Coruña por atoparse parte da obra na zona de afección da estrada DP 1704. O Concello xa solicitou a autorización, xuntase copia da solicitude.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

De acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da lei de contratos do sector público non é preciso realizar a supervisión do proxecto.

FASES

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra de conservación completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

OUTRAS CUESTIÓN

O proxecto presentado, resulta ser unha obra de conservación de un vial existente, polo tanto é compatible urbanisticamente en calquera clase de solo, e non se atopa afectado pola suspensión de licenzas producido pola aprobación inicial do PXOM do Concello de Carral. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 121 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público

”.

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 14 de febreiro de 2017 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

3).-PLAN COMPLEMENTARIO 2017. Investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado) .





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

www.carral.es

"Proxecto de pavimentación de viales en Lavandeira y As Táboas, Concello de Carral", subscrito, con data do 08 de febreiro de 2017 polo arquitecto técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiado 1.810).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 10 de febreiro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

Precisa autorización de Augas de Galicia por atoparse parte da obra na zona de policía do río Barcés. O Concello xa solicitou a autorización, xuntase copia da solicitude.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

De acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da lei de contratos do sector público non é preciso realizar a supervisión do proxecto.

FASES

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra de conservación completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

OUTRAS CUESTIÓNS

O proxecto presentado, resulta ser unha obra de conservación de un vial existente, polo tanto é compatible urbanisticamente en calquera clase de solo, e non se atopa afectado pola suspensión de licenzas producido pola aprobación inicial do PXOM do Concello de Carral. O proxecto contén todos os documentos sinalados no artigo 121 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 14 de febreiro de 2017 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data do 14 de febreiro de 2017, sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o "informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII), emitido en relación a este proxecto pola Interventora do Concello con data do 14 de febreiro de 2017, coa seguinte "Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible".

Logo de ver, en relación ao **POS+ AMORTIZACIÓN** o "informe da Intervención do Concello cos datos das débedas con entidades financeiras a reducir" (anexo XII), emitido pola Interventora do Concello con data do 13 de febreiro de 2017.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 14 de febreiro de 2017, como segue:





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100.1

www.carral.es

"ACORDOS PROPOSTOS AO PLENO DO CONCELLO

1.-Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	3.379,91 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €
Subtotal pago a provedores	3.379,91 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	130.953,45 €
Subtotal gasto corrente	130.953,45 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Proxecto de pavimentación de vial y aceras en Rúa do Pan y Rúa Alcalde Francisco Xavier Alvajar	75.241,65 €	0,00 €	75.241,65 €
Proxecto de pavimentación de viales en A Bailía y Tarroira de Sumio, Concello de Carral	49.820,65 €	0,00 €	49.820,65 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	125.062,30 €	0,00 €	125.062,30 €

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Proxecto de pavimentación de viales en los lugares de Sobrepiñeiro, Fornos y A Cabra del Concello de Carral	153.871,96 €	0,00 €	153.871,96 €
Subtotal investimentos achega provincial 2016	153.871,96 €	0,00 €	153.871,96 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
XX	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

www.carral.es

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
XX	0,00 €
Subtotal redacción proxectos	0,00 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0,00 €
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0,00 €
Subtotal achegas municipais	0,00 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA	46838541	169.364,27 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		169.364,27 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	3.379,91 €		3.379,91 €
	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	130.953,45 €		130.953,45 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	125.062,30 €	0,00 €	125.062,30 €
	Achega 2016	153.871,96 €	0,00 €	153.871,96 €
	Préstamo 2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
	Achega 2016	0,00 €		0,00 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	169.364,27 €		169.364,27 €
	Achega 2017	256.015,75 €	0,00 €	256.015,75 €





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 J

www.carral.es

TOTAL	Achega 2016	157.251,87 €	0,00 €	157.251,87 €
	Préstamo 2017	169.364,27 €	0,00 €	169.364,27 €
	TOTAL	582.631,89 €	0,00 €	582.631,89 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Proxecto de pavimentación de viales en Lavandeira y As Táboas, Concello de Carral	116.656,00 €
TOTAIS	116.656,00 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (pois xa solicitou os correspondentes permisos sectoriais necesarios)..

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emitiu, na súa sesión extraordinaria do 17 de febreiro de 2017, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con catro abstencións (dos tres señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo mixto).

DEBATE

O señor Alcalde manifesta que tiveron o expediente á súa disposición.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) opina que é unha mágoa que de todos eses cartos que outorga a Deputación haxa que pagar unha parte, que ao seu xuízo é pequena mais importante, para pagar a provedores, amortizar débeda e pagar gastos correntes. Opina que, aínda que sexa legal facelo, é unha mágoa non destinalos a obras e servizos que fan falla en Carral. Por outra banda, en canto ás obras que se propoñen, considera que estaría ben que, antes de facer a proposta, fosen xunto aos veciños e preguntasen nas parroquias que obras e servizos queren que se fagan e son máis necesarios. Asemade, explica que en La Opinión de hoxe se indica que o 70% das obras adxudicadas polo Concello de Arteixo foron tramitadas coma concursos abertos, e coida que estaría ben que tamén se fixese así en Carral (pois o único





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

www.carral.es

procedemento aberto que se fixo en 2016 foi o das bombillas).

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) lamenta que case 190.000 € do plan se destinen ao pagamento de débeda, xunto ao destinado a gasto corrente, en vez de investimentos. Tamén opina que a participación cidadá debería ser máis importante e anuncia que o seu grupo se vai abster. Considera que todas as obras son necesarias, e que estas tamén, mais coida que hai outras máis necesarias, e que en vez de facer todo aglomerado, sería mellor poñer menos aglomerado e beiravías máis largas, coma en Barcia. Reitera que, na súa opinión, hai prioridades máis importantes e manifesta que tamén desexa que todos os procedementos sexan abertos, e contando máis coa cidadanía e as súas peticións e prioridades.

O señor Alcalde considera que as obras propostas son moi necesarias, e explica que o orzamento é o que é; ademais, explica que tamén hai que amortizar os créditos e que hai gastos correntes como se fosen obras (coma electricidade, subministracións, bombillas ou tapar fochancas). Recoñece que pode haber outros proxectos necesarios, mais indica que pouco a pouco se irá facendo todo.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, con seis votos a favor dos señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión (dos sete que integran o grupo), fronte a un voto en contra do señor concelleiro do grupo mixto, e coa abstención dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.-Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017","achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	3.379,91 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €
Subtotal pago a provedores	3.379,91 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	130.953,45 €
Subtotal gasto corrente	130.953,45 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de pavimentación de vial y aceras en Rúa do Pan y Rúa Alcalde Francisco Xavier Alvajar	75.241,65 €	0,00 €	75.241,65 €
Proxecto de pavimentación de viales en A Bailía y Tarroeira de Sumio, Concello de Carral	49.820,65 €	0,00 €	49.820,65 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	125.062,30 €	0,00 €	125.062,30 €





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

www.carral.es

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	130.953,45 €		130.953,45 €
C- INVERSIONES	Achega 2017	125.062,30 €	0,00 €	125.062,30 €
	Achega 2016	153.871,96 €	0,00 €	153.871,96 €
	Préstamo 2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
	Achega 2016	0,00 €		0,00 €
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	169.364,27 €		169.364,27 €
TOTAL	Achega 2017	256.015,75 €	0,00 €	256.015,75 €
	Achega 2016	157.251,87 €	0,00 €	157.251,87 €
	Préstamo 2017	169.364,27 €	0,00 €	169.364,27 €
	TOTAL	582.631,89 €	0,00 €	582.631,89 €

2.-Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Proxecto de pavimentación de viales en Lavandeira y As Táboas, Concello de Carral	116.656,00 €
TOTAIS	116.656,00 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (pois xa solicitou os correspondentes permisos sectoriais necesarios)..

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

www.carral.es

Ao non existir máis temas que tratar, ás 12 horas e 14 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de quince páxinas numeradas do un ao quince, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

